



BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES **ENTROIDO EN SADA 2020**



1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes bases regular o concurso de disfraces que se celebrará o Martes de Entroido, 25 de febreiro, organizado pola Concellería de Cultura dentro da programación do Entroido en Sada 2020.

2.- PARTICIPANTES.

2.1. Poderán participar todas aquelas persoas e colectivos interesados, sen límite de idade. As persoas concursantes deberán participar nun desfile polas rúas de Sada. O percorrido desta edición darase a coñecer no seu momento e será comunicado directamente a todas as persoas e colectivos que se inscriban no certame.

2.2. Poderase participar en 3 categorías: MINI, GRUPOS, CARROZAS, optando a 3 premios en cada unha delas.

3. INSCRICIÓN.

3.1. A inscrición poderá realizarse cubrindo un formulario no que se recollerán os datos necesarios, como título do disfraz, número de compoñentes, categoría de concurso, temática dos disfraces, etc.

O formulario estará dispoñible para cubrir online a través dun formulario que se atopará na páxina web municipal (www.sada.gal). Tamén haberá a opción de enviar o formulario cuberto á dirección de correo electrónico sada.cul@sada.gal, ou facelo de forma presencial na OMIX de Sada en horario de 9:00 a 14:00h. e de 16:00 a 18:00h.

As propostas que inclúan música de acompañamento deberán aportar tamén copia dos audios, aos efectos de organizar unha posible exhibición final sobre un escenario con amplificación de son.

3.2. PRAZOS DE INSCRICIÓN:

- O prazo de inscrición rematará o domingo 23 de febreiro, a través da inscrición en liña.
- No caso da inscrición en CATEGORÍA MINI, e só para esta categoría, as persoas que queiran participar poderán facelo no mesmo momento no que vaia comezar o concurso.

4.- NORMAS DE PARTICIPACIÓN.

4.1. As e os participantes inscritos no concurso de disfraces do 25 de febreiro achegaranse ao punto de inicio do desfile, que será anunciado proximamente. Deberán desfilas polas rúas de Sada, segundo o percorrido proposto pola organización, amosando os seus disfraces ao público e ao xurado, exhibindo as súas coreografías e animación musical (en caso de que as teñan). O xurado valorará os disfraces e a animación festiva durante o desfile.

4.2. Establécense 3 categorías: MINI (participación individual ou ata 5 compoñentes), GRUPOS (*considerarase grupo ao conxunto de disfraces coa mesma temática formados por un mínimo de 5 persoas*) e CARROZAS (*agrupacións con disfraces dunha mesma temática que inclúan plataformas móbiles autopropulsadas ou remolcadas, adornadas conforme á temática escollida polo grupo de participantes e relacionada cos seus disfraces*). En cada unha outorgaranse 3 premios que serán detallados no punto 6 destas bases. Cada participante concursará nunha única categoría, o que quedará recollido na súa inscrición.



BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES **ENTROIDO EN SADA 2020**



4.3. Todas as persoas participantes menores de idade deberán contar con autorización materna/paterna ou de titor/a ao cargo. Esta condición será esixida no formulario de inscrición.

4.4. As persoas integrantes do xurado disporán do tempo do desfile para realizar a valoración dos disfraces inscritos ao concurso. Á finalización do desfile de rúa poderá organizarse un pequeno desfile sobre un escenario, no caso de que o xurado necesite facer unha visualización máis detallada dalgunha das categorías. En caso de que as propostas conteñan música e coreografías será necesario aportar copia dos audios no momento da inscrición, para poder utilizalos durante esta exhibición final no escenario.

4.5. O resultado das votacións farase público á finalización dos desfiles, tras da suma das puntuacións recollidas nas táboas de valoración dos compoñentes do Xurado.

5. XURADO E CRITERIOS.

5.1. Proposto pola Concellería de Cultura, o xurado estará composto por un mínimo de 3 persoas, representantes do tecido asociativo cultural sadense.

5.2. O xurado deberá valorar:

- a. estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces.
- b. posta en escena (acompañamento con coreografías, instrumentos...).
- c. detalles da maquillaxe, máscaras e demais complementos propios do Entroido.
- d. elaboración propia/artesanal.
- e. valoraranse as carrozas e “vehículos” inscritos na categoría de carrozas mediante os criterios anteriores que sexan de aplicación.

A organización aportará unha táboa para axudar a realizar a valoración nas diferentes categorías. Cada criterio valorarase de 0 a 10 puntos para obter unha puntuación final. Ao remate do desfile as/os compoñentes do xurado reuniranse para fallar un resultado e comunicalo publicamente. Os premios outorgaranse segundo as puntuacións totais obtidas, despois da suma das valoracións parciais de cada compoñente do xurado.

5.3. O xurado deberá valorar os disfraces durante o seu paso polas rúas de Sada e tamén sobre o escenario, se isto último fose necesario.

5.4. O xurado poderá descartar do concurso a aqueles participantes que se comporten indecorosamente ou exhiban condutas que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou de mal gusto, tanto cara o público como cara a organización.

6. PREMIOS.

6.1. O xurado propondrá 3 premios por categoría en forma de vales equivalentes a un importe de compra. Os vales serán cambiábeis pola compra de calquera produto ou servizo ofrecido polo conxunto de empresas con sede no termo municipal sadense. Describimos os premios-vale a continuación:

- a. CATEGORÍA MINI (máximo de 5 participantes): o disface gañador recibirá un vale de 300€, o segundo premio un vale de 200€ e un vale de 100€ para o terceiro clasificado.
- b. CATEGORÍA GRUPAL (6 ou máis participantes): o primeiro premio nesta categoría consistirá nun vale de 700€, o segundo premio será un vale por valor de 500€ e o terceiro un vale por valor de 300€.



BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES **ENTROIDO EN SADA 2020**

- c. CATEGORÍA CARROZAS: as comparsas participantes na categoría de carrozas deberán desfilar acompañando á súa plataforma móbil decorada. Os premios nesta categoría consistirán nun vale por valor de 1000€ para o primeiro premio, 850€ para o segundo premio e 700€ para o terceiro.

6.2. Os premios daranse a coñecer ao remate dos desfiles, facéndose recollida da documentación necesaria para expedir os vales.

6.3. FISCALIDADE: Os importes correspondentes aos premios das categorías Grupal e Carrozas poderían estar suxeitos a retencións fiscais, polo que se tomarán as medidas seguintes:

BENEFICIARIAS: o premio imputarase a efectos fiscais entre as persoas beneficiarias. Entenderase que o premio será repartido equitativamente entre as persoas integrantes do grupo ou da carroza.

DOCUMENTACIÓN: cada grupo/carroza premiada deberá designar a un máximo de 10 persoas como beneficiarias a efectos fiscais. A organización facilitará un formulario no seu momento para realizar esta designación.

MENORES DE IDADE: os menores de idade que resulten premiados nalguna categoría deberán presentar o seu DNI para a tramitación do premio. En caso de que aínda non dispoñan do documento serán as nais/pais/titores as beneficiarias do premio.

6.4. Cada grupo ou Carroza deberá designar unha persoa representante, mediante documento que asinarán os integrantes do mesmo. A persoa responsable representará ao grupo a efectos de recibir o vale, facéndose cargo a partir dese momento da xestión da inversión e troco do mesmo. Isto implica poñer en coñecemento da Concellería de Cultura a súa intención de utilizar o vale de premio, da contabilidade das compras realizadas e da presentación ante o Concello das facturas emitidas polos establecementos escollidos.

6.4. O xurado, previa xustificación, poderá declarar desertos algún ou todos os premios a conceder.

7. CONFORMIDADE.

Todas/os participantes, polo feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

NOTA:

A organización realizará unha cobertura fotográfica dos diferentes momentos do desfile e do concurso de disfraces. As/os participantes, mediante a súa inscrición, consentirán na cesión da súa imaxe para as fotografías que se realizarán durante a celebración do concurso. As fotografías serán utilizadas pola Concellería de Cultura con fins divulgativos e para a promoción das súas actividades nos seus perfís sociais e páxina web oficiais.

8. ÓRGANO COMPETENTE

O órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento derivado das presentes bases será a Alcaldía.

En Sada na data da sinatura dixital.

Asdo.:

Paola Mondaca González
Concelleira de Cultura
Concello de Sada